



ANPA CEIP A CARBALLEIRA DE LOURIZÁN

Lugar A Camboa, N°10, Lourizán, 36910-Pontevedra anpaceipacarballeira@gmail.com 602246644 / 98688445

NOTA INFORMATIVA ANTE O PROTOCOLO COVID-19

Estimadas familias:

Lamentablemente o próximo curso arrancará o 10 de setembro cargado de incertezas. Ante a publicación por parte da Consellería de Educación, sen ser consultadas as familias e o resto da comunidade educativa, do “Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 nos Centros de Ensino non Universitario de Galicia para o curso 2020-2021”, a Xunta Directiva da ANPA do CEIP A Carballeira, despois de asistir a reunión convocada pola FANPA o día 28 de xullo, comunica a adopción das seguintes medidas:

- 1. A suspensión, durante a crise sanitaria, a realización das actividades extraescolares.** Non podemos garantir durante a súa realización as condicións necesarias de prevención e seguridade ante o contaxio por COVID-19. Como ben sabedes non é viable organizar as actividades configurando “grupos estables de convivencia” que coincidan cos “grupos burbulla” das aulas ordinarias. Mesturar rapaces de idades diferentes non respecta estes “grupos seguros” e incrementa a posibilidade de contaxio e suspensión das clases.
- 2. O apoio e asunción da decisión da FANPA de non prestar os servizos Madruga e Comedor ata que a Consellería de Educación satisfaga as demandas das ANPAS.**

Tal e como recolle a FANPA no seu [comunicado](#), “a aplicación das medidas de obrigado cumprimento que prevé o protocolo contra a COVID-19 resulta totalmente inviable a continuación dos servizos de comedor e madruga”. Requirimentos como: o mantemento da distancia 1,5 m ou 1 m, no caso de non estaren encarados; o respecto dos grupos estables de convivencia; a supervisión por parte das monitoras da hixiene de mans e das distancias de seguridade; a limpeza e desinfección do mobiliario... implican a contratación de máis persoal e unha redución considerable no número de usuarios simultáneos o que obriga á fixación de máis de dúas quendas de comida. O incremento dos prezos aos usuarios é inevitable e inasumible para a economía de boa parte das familias.

- 3. Suspensión do pago de cotas de socios/as ata que a ANPA poida normalizar as súas actividades.** Aínda que este curso non se pase a cota de afiliación, animámosvos a formalizar a inscrición porque a forza da nosa Asociación reside nos seus asociados. Nos vindeiros días faremos a devolución das cotas ás familias que xa procederon ao seu pagamento.

Aproveitamos esta comunicación para informaros tamén de que nestes meses realizouse o traslado de comedor á nova ubicación. Estamos á espera de recibir a autorización de uso por parte da Xefatura Territorial de Pontevedra.

Estamos á vosa disposición nas canles habituais (anpaceipacarballeira@gmail.com e 602 24 66 44) para aclararvos calquera dúbida ou necesidade que poida xurdir. Pensamos que a nosa ANPA, por responsabilidade e compromiso coa calidade do ensino público, debe sumarse a todas as mobilizacións que xurdan co obxecto de conseguir un curso 2020-2021 seguro e cunhas condicións de ensino axeitadas e equitativas para todo o alumnado e as súas familias. Manterémosvos informados para que participedes activamente.

ANPA CEIP A CARBALLEIRA